

a voz do pobo

¡proletarios de todo-los
países unídevos!

órgao do partido comunista de galicia


Ano IX

Nº19

14-Febrero-1977

10 Pts.

URXE O PULO DO P.C.G. PRA GANAR NAS ELECIOÑS: ¡AUTONOMIA GALEGA E LIBERTÁ!



Nun dos actos
de entrega dos
nosos carnés:
Alegria,
Xuventù,
Combatividà...


**¡SOMOS
O P.C.G.!**

Fotos «A Voz do Pobo»

ÁS PORTAS DA LEGALIDADE

DEMOCRATICA

II CONFERENCIA DE VIGO DO PCG



Falando o camarada X. M. Mella

COA PRESENCIA DO SECRETARIO XERAL, SANTIAGO ALVAREZ, E OUTROS MEMBROS DO COMITE EXECUTIVO CELEBROUSE, FAI UNS DIAS, A II CONFERENCIA DE VIGO DO PCG. NELA TIVO LUGAR A ELECCION DUN NOVO COMITE LOCAL, COMPOSTO POR 30 MEMBROS, CUIO RESPONSABLE E AUGUSTO DOCAMPO (TITO). PUNTO IMPORTANTE FOI A DISCUSION SOBRE A SITUACION POLITICA, RAZON ISTA POLA CAL TRAEMOS A ISTAS PAXINAS UN EXTRACTO DA "RESOLUCION POLITICA" QUE FOI APROBADA NA CONFERENCIA.

Resolución política da II Conferencia de Vigo do Partido Comunista de Galicia.

Despóis de ser a ialma, e a forza, da oposición antifranquista durante 40 anos, o Partido Comunista, nas novas condicións creadas pola morte de Franco, sigue a ter como obxectivo principal no inmediato (e no futuro socialista tamén) o logro da democracia en España. Chegar a elo, pacífica mente, é o que importa hoxe: ó pobo, polo tanto, a nós, comunistas. Ista é

a razón de porque no pasado Referéndum, ademáis das abstencións, contabilizamos positivamente os "síes" á reforma Suárez, frente ós "noes" da extrema dereita.

REFORMA E RUPTURA, HOXE

O peso no país da oposición democrática, a crecente unidade mostrada por ista no último ano e as mobilizacións de masas -as máis importantes desde 1.939- que baixo o reinado de Juan Carlos tiveron lugar, levaron ó fracaso do Goberno continuista Arias-

o fillo de breogan



→

A tarefa principal, por riba logo de calquer outra, dos comunistas -dos comunistas vigueses en particular- ten que ser nas próximas semáns (e hoxe mesmo xa ó celebrar o VIII aniversario do PCG) a preparación da victoria do PCG nas eleccións a deputados. Logo de 40 anos de anticomunismo oficial, cando non se sabe si os comunistas teremos os mesmos dereitos que os demais, decir victoria comunista nas eleccións é falar, primeiramente, dun porcentaxe de votos (a pesar dos caciques esfranquistas) que nos permita seguir a loitar en moitísimas millores condicións; é falar dunha movilización de masas en favor do PCG sin precedentes. Faise necesario entón un ensanchamento extraordinario do PCG en canto a número de afiliados, mellora de propaqanda e recaudación de fondos. A xigantesca mobilización de masas e de opinión que supón a campaña electoral esixe por moita xente en acción e tamén cartos pra afiliación. As eleccións teñen que ser a consagración do PCG como un partido legal, como un partido de masas obreiras, campesiñas e mariñeiras, como un partido da muller, como un partido da xuventude, como un partido das forzas da cultura galega, como un partido nacional galego.

Pra que os traballadores e o pobo poidan votar comunista dentro de uns meses teñen que conocernos, teñen que saber quénes somos e que queremos por nós mesmos, abertamente, públicamente.

¿LISTA INDEPENDENTE OU BLOQUE ELECTORAL?

Primeiro na negociación co Goberno, onde Galicia está representada por Valentín Paz Andrade, e segundo no Congreso de Deputados que sala das eleccións, Galicia ten que conquistar e consolidar a súa autonomía política respecto ó Goberno Central, no camiño da autodeterminación nacional.

A base de partida e o Estatuto de Autonomía xa votado polo pobo en 1.936, o que non quere dicir que os galegos non fagamos uso das posibilidades de institucións políticas propias que xurdan da negociación co goberno, ou doutras vías, e que poidan de inmediato porse en práctica.

A VOZ DO POBO

Pra que as eleccións en Galicia señan democráticas e non estean mediatizadas polos funcionarios dos Gobernos Civiles, Axuntamentos, Deputados, Información e Turismo, Hermandades, Cofradías e Sindicatos Verticales, é indispensable un órgao galego democrático que facilite e orgaice a nivel de Galicia as eleccións.

O PCG considera que a millor maneira de que os dereitos da nación galega que den garantizados é que gane as eleccións un bloque electoral democrático en Galicia, bloque que pra que teña o apoio maioritario da opinión galega ten que cubrir desde a dereita democrática hastas a esquerda socialista e comunista, deixando en minoría os neofranquistas de Alianza Popular: Fraga, Fernández de la Mora, Ramilo, etc.

No caso de que non seña posible unha lista de candidatos común entre todas as forzas, pois a democracia cristián -PPG-, liberales -PDG-, socialistas da FSG-PSOE, pensan ir soios as eleccións e o PSG plantexa un tipo de bloque moito máis estreito do que hoxe precisa Galicia (alianza federalista), o PCG propugnaría un Partido de Unidade Galega onde cada partido presente as súas propias listas de candidatos pero co compromiso de esixir condicións previas democráticas, de suscribir un "pacto de non agresión" na campaña electoral, de loitar antes, durante e despóis das eleccións pola autonomía, quere se dicir: goberno e parlamento propios.

O PCG opina que reivindicar neste intre, en que a batalla dase entre democracia e reacción fascista, un Frente Popular como en 1.936 é suicida. As forzas partidarias da democracia e da autonomía galega, señan de esquerda, centro ou dereita, non se deben dividir nin enfrentar nestas eleccións.

DECLARARNOS ABERTAMENTE DO PARTIDO COMUNISTA

A II Conferencia de Vigo do PCG acordou a presentación pública dos dirixentes e comités do Partido na nosa cidade, a nivel de empresa, barrio, rama, sector profesional, etc., dentro da campaña VIII aniversario.

→

Fraga e conqueriron que no Goberno Suárez tenda a predominar o reformismo sobre o puro continuismo. Liberación de presos políticos, cambios positivos no alto mando das F.F.A.A., maior saída á luz dos partidos políticos, liberación de S. Carrillo, S. Alvarez, disolución do T.O.P., convocatoria de eleccións (o que supón a disolución das actuais Cortes), serenidade e moderación fronte ás últimas provocacións criminais dos fascistas, son feitos positivos que fannos afirmar que nin Suárez é Arias, nin Juan Carlos é Frano.

A táctica elaborada polo Partido pra derrocar á Dictadura e conquistar a liberdade: Acción Democrática Nacional, Pacto para a liberdade, Goberno Provisional, Ruptura democrática, estase concretando na práctica de xeito diferente ó que nós preveíamos: é normal na Historia. Sin embargo, no esencial a realidade sigue a confirmar a xusteza dos nosos plantexamentos. Ademais dos enriba enumerados habería que falar das consignas de Reconciliación Nacional, achegamento pobo-Exército, cambio pacífico (pra evitar a guerra civil) da Dictadura á democracia, etc., agora asumidas mesmo por unha parte dos sucesores do franquismo.

A ruptura democrática co réxime franquista non se está dando de golpe. Ultimamente, na aplicación da reforma Suárez topamos elementos de ruptura: *a reforma levada cara adiante, con decisión, pode traducirse nunha ruptura plena merced a acción decidida e pacífica das forzas políticas e do pobo.* Por eso, son tan importantes as próximas eleccións: a ruptura democrática paxo hoxe por elas. Por eso a reacción fascista quer impedilas.

Por eso, na actual coyuntura, temos que apoiar ó Goberno contra os ultras e pra que isas eleccións podan darse, e poidan darse en liberdade. Pro que non ten o noso apoio Suárez é pra reprimir a esquerda, prohibir manifestacións; pra frenar ou marchar hacia atrás, hacia o franquismo. As forzas populares temos que facer valer o noso peso na balanza nestes días clave (pero dun xeito diferente, nalgúns aspectos, a como o facíamos baixo o franquismo) pra que ésta se incline da banda da saída pacífica e democrática.

Dedúcese entón que o enemigo principal hoxe en día, da esquerda e da democracia, non é o Goberno, sinon a extrema dereita, que dispón de importantes posicións no aparello do Esta-

do. Está superada a alternativa esquemática: reforma non, ruptura sí. Máis que de que fracase a reforma do que se trata é de impulsar a reforma sólo así vencerá a ruptura, entendo ésta como a conquista da democracia plena e a desaparición das institucións da Dictadura.

FACTO PRA A LIBERTADE

Na medida en que sectores importantes da burguesía optaron pola vía reformista á democracia, o Pacto pra a liberdade non se pode concretar sin a presenza do reformismo máis consecuente, A máxima concreción deste Pacto son as xuntanzas Goberno-oposición, é decir, o acordo de todas as forzas que, dende diferentes posicións ideolóxicas, tácticas e sociais, no Goberno ou na oposición, están a favor da implantación da democracia. A plasma-ción ideal deste Pacto sería a constitución dun Goberno de amplo consenso democrático, máis ou menos provisional (asegún cando e como se forme), desde por exemplo Suárez e Areilza, hasta os comunistas.

Doutra banda, unha regra de ouro do cambio político, mil veces comprobada na práctica, é que *si mil veces no regular este país non marcha por si mesma cara á democracia, nin poderá no futuro inmediato defendela.*

Si o Goberno quer de verdade a democracia, si quere neutralizar as bandas fascistas, si quere, igual que nós, paz e convivencia na democracia, ten que garantir o uso de todas as liberdades, incluída a liberdade sindical.

AS ELECIOS DA LIBERTADE

Ó Partido Comunista de Galicia vai presentar candidatos a deputados nas eleccións legislativas, tanto si son libres como si non o son, e vai librar esta trascendental batalla sabendo da súa importancia pra nós, como comunistas, como galegos e como demócratas.

Así como militantes do PCG saliron cargos sindicais nas candidaturas de CCOO nas eleccións sindicais do 75, estando en total vixencia o franquismo, nos centros obreiros máis importantes, podemos lograr en moitos lugares (empresas, barrios, comarcas, axuntamentos) que a maioría dos traballadores, as súas familias, as mulleres os xóvenes, as forzas da cultura, os pequenos comerciantes e industriais, *poden comunista.* Podemos, deste xeito, conquistar certo número de deputados do PCG, o que porá nas nosas mans un medio enormemente valioso pra defender os intereses dos traballadores de Galicia, que é a nosa razón de ser.



VIII aniversario:

¡Última batalla pola legalidá do **P.C.G.**!



FOTOS «A VOZ DO POBO»

Partido Comunista,
partido da liberacion
da muller



con **Santiago Alvarez**, 
Enrique Veira: 20 anos preso



A VOZ DO POBO



Entrega de carnés 
na **Cruña**

Especialmente no caso dos dirixentes sindicais e de masas do Partido, pois simbolizan millor que nadie a dedicación cotidián dos comunistas á defensa da clase traballadora e de todos os cidadáns contra toda forma de opresión e explotación,

Os comunistas non somos amigos de esconder a nosa condición de tales. O tivemos que facer ó longo dos 40 anos de franquismo, e xa é hora de que voltemos á normalidade, que é actuar a plena luz pública, non na penumbra nin maquiavelicamente. Declarámonos abertamente comunistas ante o pobo, porque creemos que o

OS MILLORES DIRIXENTES SINDICALES SON COMUNISTAS

Sucedede que a maioría dos dirixentes do sindicato das CCOO, e os millores cargos sindicais das UTTs e Agrupacións, son membros e dirixentes do PCG.

Sendo como somos un partido obreiro e de vangarda, ¿qué ten de estraño que os homes máis loitadores da clase obreira sexan comunistas?. Pois, o estraño sería o contrario, querería dicir ou que somos un partido de retaguardia, ou que nos de sentendemos da problemática inmediata dos traballadores que é tamén a nosa.

Os traballadores diferencian ben a *cuestión sindical da cuestión política*. Unha cousa é que un dirixente sexa dun partido obreiro -iou sería millor militar nun partido burgués... i dereito lexítimo, por outra parte, de calquer cidadán-, e outra que teñan militancia e responsabilidade no sindicato de clase. No sindicato o dirixente depende das decisións do que acorden os afiliados e a asemblea dos traballadores, non do que decide o seu partido. Na asemblea o militante de partido, como outro traballador máis, defenderá as posturas que entenda correctas, pero o poder de decisión está nas mans do conxunto do personal.

Quedando isto claro, o tema de fondo é *a necesidade pra os traballadores de dispoñer dun gran partido político*, que defenda os intereses de clase -hacia o Socialismo en Liberdade- no terreno da loita política, que non é o campo específico do sindicato. ¿Qué millor garantía que os dirixentes sindicais máis prestixiosos señan membros dese partido, que non é outro co Partido Comunista?. Ten sucedido no pasado

-está por facer a historia do Partido nas empresas de Vigo- que dirixentes sindicais pasaron ó traballo -capital no franquismo pró movemento obreiro-clandestino do P.C., e tamén ó revés: cadros obreiros do Partido que se transformaron en grandes líderes sindicais. Mañán mesmo presentaremos algún dirixente sindical de Vigo como candidato comunista nas eleccións de deputados, e sabemos que os traballadores aplaudirán tal iniciativa. Tamén por un tempo ou definitivamente pode suceder que algún dirixente sindical se dedique totalmente ó Partido.

Unha clase traballadora tan combativa como a de Vigo precisa dun forte P.C. pra se enfrentar victoriosamente coas novas necesidades na próxima legalidade democrática.

Respecto ó sindicato das CCO, é o futuro sindicato unitario cuio embrión é hoxe a COS, unha das maiores garantías da súa *independencia* e da súa *unidade* respecto ós partidos políticos, ós patrones, e ó Estado, son ademais dos propios traballadores o propio Partido Comunista, primeiro interesado nun gran sindicato obreiro unitario e independente.

DE FRANQUISTAS A DEMOCRATAS

As forzas políticas novas, como o PGI, o PP de Pio Cabanillas e a UDEG, que baixo Franco non soio non estiveron na oposición sinon que ocuparon posicións nas súas institucións: Cortes, Diputacións, Axuntamentos, etc., e que ultimamente defenden un programa democrático e autonómico, teñen, na nosa opinión, *todo o dereito a facelo*. Pra Galicia, e pros traballadores, é millor que ergan (mal ou ben, xa veremos) a bandeira da democracia que perseveren no totalitarismo como os de Alianza Popular. A práctica demostrará si é sincera ou non a nova postura pública deses políticos. Nós, dende logo, estamos dispostos a dialogar con todas as forzas, calquera que sea o seu orixe, que queiran a democracia.

II Conferencia de Vigo do PCG
Xaneiro de 1.977

Fracasa a criminal provocacion fascista

Os ultras sufriron unha derrota total, primeiro no Referendum, e despois ó intentar impedir mediante as provocacións do GRAPO e outras"

Deste xeito escomenzaba a Declaración do C.E. do PCG "Sobre a situación política en Galicia", datada no 20 de Febreiro.

Decíase que os ultras non lograron impedir a liberación de S. Carrillo e S. Alvarez e o inicio das negociacións Goberno-Oposición.

Tres días despois produxéronse unha serie de actos criminales que levaron ó País a beira da desestabilización. Cinco camaradas nosos, axentes do orde público, foron as vítimas. O Te

niente Xeral Villaescusa sumouse a Oriol no lugar onde os fascistas teñen ós secuestrados.

"A firmeza, orde e prudencia da lexítima protesta dos movementos sociais e das forzas da oposición, xunto coa serenidade e madurez do Goberno e das Forzas Armadas, son os factores que están impedindo que teñan éxito as últimas provocacións contra o proceso democratizador". Oficina de Prensa do PCG, 27-1-77.

Así foi. A contundente resposta obreira e popular que, á vez, estivo presidida polo orde e fuxiu das manifestacións na rúa. E moi concretamente o PAPEL ESTA-

BILIZADOR XOGADO POLO PARTIDO COMUNISTA nunha hora tan grave pra causa da democracia, permitiu "superar a gravidade eo dramatismo da situación política..." (comunicado citado).

Certo é que as intentonas poden repetirse, pero certo é tamén, aínda que o Goberno sigue sin tomar medidas

eficaces contra autores e cómplices (seña porque non ten forza ou porque non se atreve a tela), que o feito de salirlle, en boa medida, o tiro pola culata ós que pagaron ós asesiños, é unha realidade incuestionable.



CON TODO, O PCG CELEBRA O SEU VIII ANIVERSARIO

O mesmo día que se comezaba a atroz masacre de Atocha, iniciábase en Vigo a QUINCENA VIII ANIVERSARIO. Houbo que cambiar de local, pero o primeiro acto de entrega de carnés fíxose igual, si ben máis improvisado na línea de impor a nosa legalidade e a normalidade democrática a pesares dos intentos da reacción pra impedirlo.

62 camaradas veteranos recibiron a carné do PCG no Restaurante "Pepe de Juan" de man do Pleno do Comité Executivo e do camarada Santiago Alvarez a quen entregóuselle o carné nº1. O nº2 foi pra Xulio Miranda Nogueiras, campesino de Celanova, Ourense, que ingresou no Partido en 1.928.

Continuaron os actos. A Cruña, Bazán, Astano, Porriño, Cangas, Betanzos, Pontevedra, Ourense, Ribadavia, Redondela, Vilagarcía.... A maior parte deles, presididos por S. Alvarez e unha delegación do C.E., foron filmados.

O PCG, tendo en conta a

especialidade da countura política, dialogou, con resultados polo xeral positivos, cos comisarios de policía ou a Garda Civil en diversos lugares: O Ferrol, Santiago, Betanzos, Vilagarcía... Nestes diálogos o PC mostrou a súa talla de partido nacional e responsable, e mesmo de partido de orde: icando a extrema dereita esforzando por enterrar no desorde e no caos a situación política!

"O Goberno Suárez ten o noso apoio pra deter e xuzgar ós culpables, pra impedir que estos feitos podan repetirse, sendo pra elo preciso acelerar as medidas democratizadoras cara a que as próximas eleccións señan verdadeiramente libres". Oficina de Prensa do PCG, 27-1-77.

Excepto o acto do 24 en Vigo, os demais actos de entrega de carnés foron máis ou menos tolerados pola autoridade gobernativa. No Ferrol personouse a Garda Civil nun deles e manifestou ter orde de "non molestar"

mentras non se altere o orde público".... O que non foi obstáculo pra que uns 35 militantes nosos pasaran pola comisaría a consecuencia das pegadas de carteles VIII aniversario chamando á afiliación ó PCG, outros foron detidos a partir do discurso en T.V.E. de Suárez.

Tamén foron conducidos a comisaría camaradas en Lugo e noutros lugares. Tamén foron detidos militantes de CCOO, ORT, PTE, MCG, UPG, AN-PG, SOG, PCU..., en total máis que de extrema dereita, que é onde está a subversión contra o proceso democratizador.

O PCG e outros 12 grupos políticos denunciaron estes feitos represivos nun chamamento datado en Santiago de Compostela o 30 de Xaneiro. As organizacións firmantes: Partido Demócrata Galego, PPG, PSOE, Partido Carlista Galego, PSPG, UGT, USO, CCOO, PCG, PSG, MCG, PTE e PCU, apoian neste chamamento (á unha acción pra o día 2 contra o terrorismo, e pola am

nistía e as liberdades) as medidas do Goberno pra de-sartellar as bandas fascistas e por en liberdade ós demócratas detidos "que nada teñen que ver con estes feitos".

Máis tarde, a Oficina de Prensa do PCG deu a conocer unha nota pedindo a liberdade de Xosé María Monserrat do MCG.

En suma, que eiquí sigue sin haber democracia. Fora xa da coiuntura de peligro

no tránsito pacífico da ditadura á democracia, o PCG sigue vendo o enemigo principal nos ultras, sigue animando os pasos políticos que dea Suárez, sin por elo por permanentemente a primeiro plano, na súa loita pola democracia e a autonomía galega, o apoio ó actual Goberno (como se fixo na "Semana Tráxica" de Madrid) que mantén unha política contradictoria no presente, e chea de interrogantes

no futuro inmediato: ¿vanse liberar de verdade todos os presos? ¿legalizaránse todos os partidos de esquerda que acepten o marco democrático? ¿terá Galicia os mesmos dereitos que Catalunya i Euskadi? ¿iráse á disolución do Movemento?, etc.

Outra cousa sería un Goberno de Reconciliación Nacional que presidira, na democracia, as próximas eleccións.



¡aquí está o pcg! OURENSE

¡ADIANTE COA CAMPAÑA!

Tal foi a consigna verrada co puño en alto, no acto do VIII aniversario en Ourense, por parte dos 150 amigos e camaradas asistentes. Pra despóis corear ¡PCG, SOCIALISMO EN LIBERTÁ!, e cantar "A Internacional" e o "Himno Galego".

Pra contarlle ós nosos lectores como foron estes actos tomamos un deles, o de Ourense, a terra de Benigno Alvarez (o mes que ven é o 40 ca bodeano da súa morte)...e de Santiago Alvarez. A provincia onde a dimensión do PCG como partido dos campesiños, se cadra está máis clara por tradición e por presencia actual.

As verbas encendidas de Santiago, e despóis de Manolo Peña Rei, Xulio Pérez de la Fuente e Rafael Pillado, foron interrompidas moitas veces por aplausos unánimes: cando se condenou o terrorismo; cando se dixo que o noso Partido tiña capacidade de manobra incluso para, nunha situación dada, apoiar ó Go-

berno, etc.

Houbo moitos que ingresaron no PCG naquel intre (en algúns lugares multiplicouse por catro o número de afiliados, (e iso que a situación política non favoreceu a presenza de moitos simpatizantes) entre os aplausos emotivos dos presentes.

Apertas i emotividade foron a tónica dominante na gran maioría das xuntanzas do aniversario.

Nun restaurante onde tivo lugar a cea que precedeu, unha das moitas entregas de carnés, afiliáronse ó Partido os fillos do dono. Noutra cidade ocorríu algo parecido, colleron o carné os donos xa non tan mozos, e a sobriña: era un bar onde xa dende os anos 60 facían as reunións xente nosa; pouco a pouco os propietarios foron identificándose coa causa do Partido Comunista. No Ferrrol un cidadan achegouse ós camaradas que colocaban os carteles pra pedir o ingreso.

Unha vez rematemos os actos de entrega de carnés e o espallamento da propaganda VIII aniversario, A CAMPAÑA SIGUE, aínda despóis do día 13 acordado pra por fin á QUINCENA.

Ademais de seguir dando carnés, individual ou colectivamente, e pondo propaganda, é preciso abordar as tarefas VIII aniversario hasta hoxe non desenroladas:

- 1 - MESAS DE VENTA PUBLICA DE MATERIALES DO PCG.
- 2 - PRESENTACION DO PCG EN CADA EMPRESA, BARRIO, FACULDADE, ETC.
- 3 - MITINS DO PCG EN CADA CIUDADE E VILA GALEGA.

¡Así construiremos o PCG de masas que Galicia precisai.

Unha parte moi importante do pobo galego está conosco, co PCG. Sabemos ser merecedores da súa confianza, como xa o fomos na clandestinidade e no anonimato relativo- ó que nos obrigou a dictadura centralista.



Galicia frente ás eleccións

Despóis de enumerar os procesos e multas que hasta o

día 20 do mes pasado afectou a dirixentes do PCG (dudamos que haxa un partido en Galicia que supere ó no-

so en marxinação e representación hoxe), o Comité Executivo dixo nunha Declaración, da que xa reproducimos noutra parte o seu primeiro párrafo;

"Non hai casi manifestación ou mítin solicitado legalmente que prospere en Galicia: o que é legal noutros lugares non o é en Ga-

